



## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

### **BASES REGULADORAS QUE REXIRÁN A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, NÓ CONCELLO DE PORTOMARÍN. (ANO 2014)**

#### **1) OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto da convocatoria a contratación con carácter temporal, en réximen de dereito laboral e a xornada completa, do seguinte posto de traballo:

- **1 PEÓN CONDUCTOR CON CARNET B**
- **3 PEÓNS DE BRIGADA**

Serán Funcións a desempeñar polos/as contratados/as as establecidas no “Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Portomarín” para a participación na Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais mediante a actuación de UNHA BRIGADA de prevención e defensa”.


#### **2) RELACIÓN XURÍDICA DO TRABALLADOR/A COA ENTIDADE SOLICITANTE.**

O modelo de contrato de traballo será de Obra ou Servizo de duración determinada. Terá unha duración de 3 meses. Iniciará entre o 16 e o 31 de Xullo e rematará entre o 30 de Setembro e o 15 de Outubro.

#### **3) REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.



## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Figurar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia e estar dispoñible para o emprego.
- f) Estar en posesión do carné de conducir tipo B.
- g) Estar en posesión do título de Graduado Escolar.

#### 4) ASPIRANTES QUE PODEN PRESENTARSE.

O proceso selectivo iniciarase ca presentación da Oferta na Oficina de Emprego de Lugo. As Bases publicaranse na Páxina Web ([www.concellodeportomarin.es](http://www.concellodeportomarin.es)) e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Portomarín.

A referida Oficina remitirá por E-mail os Curriculumms ao Concello de Portomarín, quen comunicará aos aspirantes telefonicamente, que deberán presentarse **ná Casa do Secretario do Concello de Portomarín, o día 8 de Xullo de 2014, ás 11:00 horas**, para comparecer ante o tribunal de valoración, (esíxese presenza física dos aspirantes).

Previamente a ese día, terán que ter presentado no Rexistro do Concello a Instancia de Solicitud (Anexo I destas bases), dirixirse o Sr. Alcalde acompañada de D.N.I.

- De luns a venres en horario : De 9:00 a 14:00 horas.
- Sábados en horario: De 10:00 a 13:00 horas

**Neste procedemento non se admitirán as solicitudes dos/as aspirantes que non fosen previamente seleccionados pola Oficina de Emprego de Lugo.**



## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

### 5) BAREMO DE MÉRITOS

A Puntuación máxima alcanzable será de 30 puntos:

#### 5.1.- Experiencia Profesional:

**Puntuación máxima neste apartado igual a 5 puntos**

\_ Por cada mes completo de servizos prestados na Administración Pública ou en empresas dependentes da Administración Autonómica, realizando traballos na prevención e defensa contra incendios forestais coa mesma categoría a que se opta (Peón de Forestal ou Peón Conductor de Brigada):

- 0,50 puntos/mes completo ata un máximo de 3,5 puntos.

\_ Por cada mes completo de servizos prestados en Empresas Privadas realizando traballos na prevención e defensa contra incendios forestais coa mesma categoría a que se opta (Peón de Forestal ou Peón Conductor de Brigada):

- 0,25 puntos/mes completo ata un máximo de 1,5 puntos.

#### 5.2.- Coñecemento do medio físico do Concello de Portomarín:

\_ Por acreditar vinculación territorial do candidato/a ó ámbito municipal e o coñecemento da realidade física e social do concello, acreditándose ámbos mediante **certificado de empadramento** cunha antigüidade de 1 ano anterior á data da presente convocatoria:

- **5 puntos**

\_ Ou ben, coa realización de unha proba tipo test, que versará sobre os montes, ríos, núcleos de poboación, estradas, etc. Serán 5 preguntas, e puntuará cada unha 1 punto.

#### 5.3.- Ser Voluntario de Protección Civil:

Acreditarase mediante copia compuldada dá Solicitud de Inscripción ou Carnet de Voluntario.


**Puntuación máxima neste apartado igual a 5 puntos.**

\_ Por Servizos prestados como voluntario durante o ano 2014, certificados polo presidente da agrupación:

- 0,50 puntos/por servizo realizado ata un máximo de 4 puntos

\_ Por Cursos Específicos de Protección Civil:

- 0,25 puntos/por curso completo ata un máximo de 1 punto.



## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

### **5.4.- Formación Específica en Prevención e Defensa Contra Incendios:**

**Puntuación máxima neste apartado igual a 3,5 puntos.**

1,5 puntos \_ Curso de máis de 150 horas

1 punto \_ Curso entre 100 e 150 horas

0,75 puntos \_ Curso entre 50 e 100 horas

0,25 puntos \_ Curso entre 0 e 50 horas

**De ter máis de un curso, soamente se puntuará o de máis horas**

### **5.5.- Coñecemento dá Lingua Galega:**

**Puntuación máxima neste apartado igual a 1,5 puntos.**

1 punto \_ Celga 3

0,50 puntos \_ Celga 2

### **5.6.- Proba Tipo Test:**

Os demandantes de emprego, contestarán por escrito, nun prazo máximo de 30 minutos un cuestionario tipo test de 10 preguntas sobre cuestións relacionadas co traballo a realizar (Pladiga 2014). Cada pregunta contestada correctamente puntuará 1 punto, e cada pregunta contestada incorrectamente restará 0,50 puntos.


- 10 puntos

**En caso de empate, serán seleccionados aqueles aspirantes que teñan máis experiencia laboral acreditada.**

## **6) MODO DE ACREDITACIÓN DÓS MÉRITOS**

**A) Documentación acreditativa dos méritos.**

- Copia compulsada do carnet B
- Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron ou certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e copia de contratos de traballo nós que se poida comprobar que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden coas da praza/posto/función.



## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

- Copia compulsada do Certificado de Empadramento
- Copia compulsada dos Servizos e Cursos de Protección Civil
- Copia compulsada dos Cursos Específicos en Prevención e defensa contra Incendios
- Copia compulsada do Celga
- Fotocopia compulsada da Titulación académica, que como mínimo debe ser o Graduado escolar para poder participar neste procedemento.

**Non se valorarán os méritos que non se acrediten documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.**

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data fixada para a valoración de méritos, computándose en calquera caso ata a citada data.

**B) Consecuencias do incumprimento do establecido no apartado anterior.**

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

### **7) TRIBUNAL DE SELECCIÓN**

O Tribunal de selección, acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por cinco membros:

- PRESIDENTE
- SECRETARIO
- TRES VOGAIS

Por cada membro do tribunal nomearase un suplente, podendo actuar indistintamente titulares ou suplentes.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Alcalde-Presidente, debendo posuír, en calquer caso, titulación ou especialización iguais ou superiores as esixidas para o acceso a función convocada.



## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

Todos eles deberán estar adscritos a un posto de traballo que requira igual ou maior nivel de titulación esixido para o posto de traballo.

O Tribunal poderá dispoñer á incorporación aos seus traballos de asesores, naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores.

### 8) CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final virá determinada pola sumas das puntuacións obtidas no concurso de méritos, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados

### 9) PROPOSTA DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo e elevará ao Alcalde-Presidente dita relación para a súa aprobación.

A selección recaerá nos aspirantes que obteñan maior puntuación. O Tribunal establecera a orde de aqueles aspirantes que sen ser seleccionados formarán parte da **LISTA DE RESERVA** coa finalidade de asegurar a cobertura do emprego. No suposto de que se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da contratación, o órgano convocante poderá acudir á prelación de aspirantes.

O persoal seleccionado, previamente á súa contratación, deberá realizar un **recoñecemento médico e unha proba física de esforzo** para garantir a súas condicións de saúde para o traballo a realizar, de conformidade co establecido no Anexo I do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Portomarín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa). É obrigatorio superar tanto o recoñecemento como a proba de esforzo físico

### 10) PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN:

Os aspirantes propostos para ser contratados, dentro do prazo de **2 días naturais**, a contar desde o seguinte ó da publicación da proposta de selección no Taboleiro de Anuncios do Concello, deberán presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria previstos na base 3ª.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:



## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

\_ Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

### 11) RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO:

Á vista da proposta da Comisión de Selección e constatado que o/a aspirante acreditou os requisitos esixidos para acceder ao emprego que se convoca, o Alcalde-Presidente resolverá o procedemento selectivo e procederá á formalización do contrato laboral temporal, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

### 12) NORMATIVA:

O non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ó servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación.

En canto a posibilidade de dirimir as controversias que se produzan na aplicación daqueles instrumentos normativos, serán competentes os órganos pertencentes á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### 13) RECURSOS:


Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Portomarín, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Portomarín a 2 de Xullo de 2014

O Alcalde,



Juan Carlos Serrano López



## CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)

### ANEXO I

<b>MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL:</b>
---

#### POSTO O QUE OPTA:

- PEON FORESTAL
- PEON CONDUCTOR DE BRIGADA CON CARNET B

#### DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
DATA DE NACEMENTO	D.N.I.	NACIONALIDADE	
ENDEREZO			
CONCELLO	PROVINCIA	C.P.	TELÉFONO/CORREO ELECTRÓNICO

#### SOLICITA:


Ser admitido nas probas selectivas convocadas para a contratación laboral temporal do/s posto/s antes descrito/s, e declaro que son certos tódolos datos consignados nesta solicitude e que coñezo e reuno as condicións esixidas nesta convocatoria, referidas á data en que remata o prazo de presentación de instancias.

En Portomarín a ..... de ..... de 2014.  
Sinatura,

*Aviso legal: Estes datos só serán utilizados para os fins expresamente previstos e polo persoal debidamente autorizado, de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.*

**SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTOMARÍN**





**ANEXO II**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D. ...., con DNI nº.....  
y domicilio en .....

**DECLARO:**

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

**Portomarín a.....de.....de 2014**

**Asdo: .....**